

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 31 de XULLO de 2009**

Orde do día dos asuntos que se van a tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o venres, día 31 de xullo de 2009, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 6/09, do 26 de xuño.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, do nº 11.001 ao nº 14.100, de 2009.

3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data da sesión ordinaria de agosto de 2009.

Cooperación e Asistencia aos Concellos

4.-Toma de coñecemento dos dous informes emitidos o 15 de xullo de 2009 polo equipo desta deputación encargado de realizar o “Plan de control dos proxectos de gasto incluídos no Programa operativo local 2000-2006” sobre a realización das verificacións dispostas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras provinciais

5.- Aprobación definitiva do expediente de alteración do cambio de cualificación das parcelas 2, 4, 6, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 15A, 17, 19, 19A, 21, 26 e 27 do plano parcelario da expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras incluídas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da EP-3606 de Covas a San Xurxo (0511100008.0) así como parte da plataforma existente e aprobación inicial do expediente de cesión de uso á Administración Xeral do Estado, Demarcación de Costas de Galicia do Ministerio de Medio Ambiente de parte da superficie das parcelas 2, 4, 6, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 15A, 17, 19, 19A, 21, 26 e 27 do plano parcelario da expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras incluídas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da EP-3606 de Covas a San Xurxo (0511100008.0) así como parte da plataforma existente á Administración Xeral do Estado, Demarcación de Costas de Galicia (Ministerio de Medio Ambiente) para que poidan realizar as obras comprendidas no proxecto de restauración ambiental das praias de Coviña, Esmelle, Vilar e Fragata (Ferrol).

6.- Modificación do acordo plenario nº 10 do 19-12-2008 relativo á aprobación do Plan de travesías 2008 cuarta fase no sentido de excluír del o proxecto “Construción da rotonda na intersección entre a DP 7201 e a avda dos Arcos Moldes (Rianxo)”, xa que dadas as características do obxecto da obra incluíranse no Plan de vías provinciais e aprobación do Plan de vías provinciais 2009, sétima fase, e solicitude á Xunta de

Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a realización das citadas obras.

7.- Aprobación inicial do Plan de travesías 2009 5ª fase integrado polos proxectos: “Complementario nº 1 da obra de travesía en Luaña (Brión) na DP 1301 da Gándara á Amañecida PK 8+850 ao PK 8+740”; “Complementario nº 1 da obra travesía de Liñares (Brión) na DP 1301 da Gándara á Amañecida do PK 0+370 ó PK 0+650”; “Complementario nº1 do de mellora da seguridade viaria na DP 1704 Cambre a Carral PK 5,920 ao PK 9,840”.

8.- Aprobación do proxecto “Reformado de ampliación e mellora de trazado da EP 1703 do Espírito Santo a Fraís do PQ 1,440 ao 2,440 Cambre (código do proxecto reformado 0511100004.1)

9.- Aprobación do proxecto “Reformado de mellora de seguridade viaria na EP 5404 de Xubia á Praia da Frouxeira. Plataforma peonil PK 0+530 ó 1+280, Narón (código do proxecto reformado 08111000061)”.

10.-Aprobación do proxecto “Reformado de mellora da seguridade viaria da EP 7304 de Xaras a Olveira PK 1,64 ao PK 3,99 Ribeira (código do proxecto reformado 0811300006.1).

11.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2009 octava fase, integrado por catro proxectos.

12.-Aprobación do proxecto “Reformado do proxecto reformado de ampliación e mellora de trazado na DP 8203 Vedra á Ponte de Santa Lucía do PK 4,700 ao 8,130 Vedra (código do proxecto reformado 0811100003.1)”

13.-Aprobación técnica dos proxectos (incluídos no programa de investimentos en vías provinciais (2009-2011)): “Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro Fase I” e “Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro Fase II”

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

14.-Modificación da aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello e Mesía para financiar as obras incluídas no proxecto de instalación do terreo de xogo de herba artificial no campo de fútbol municipal de Visantoña.

15.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello do Pino para financiar as obras incluídas no proxecto de instalación do terreo de xogo de herba artificial no campo de fútbol de Reboredado do Pino.

16.-Aprobación definitiva do expediente de cesión de uso da parcela nº 39 do Polígono de Sabón ao Concello de Arteixo.

17.-Aprobación da quinta e última fase do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008.

18.-Aprobación de modelos-tipo de convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas: realización de actividades; obras; subministracións e adquisición de inmobles.

19.-Aprobación do texto do convenio tipo da campaña dos Grupos Municipais de Protección Civil (GRUMIR) 2009, con prazo de vixencia ata o 30 de xuño de 2010.

Economía, Facenda e Especial de Contas

20.-Aceptación da ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Betanzos.

21.-Informe sobre a fiscalización posterior feita aos recursos propios e doutros entes públicos correspondente ao exercicio 2008. (Autoliquidacións do imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana-IIVTNU e liquidacións de contraído previo e ingreso directo e da anulación das liquidacións do imposto sobre actividades económicas-IAE).

22.-Acta das inspeccións levadas a cabo pola Comisión conxunta de Recadación-Intervención nos meses de xuño e xullo de 2009.

23.-Aceptación da delegación de competencias municipais para a reclamación ao Ministerio de Economía e Facenda, pola bonificación do 95% do imposto sobre bens inmobles (IBI) das autoestradas. Concellos: Culleredo, Neda, Mesía, Ordes, Padrón e Cambre.

24.-Expediente de modificación de créditos de aprobación polo Pleno 3/09 e modificación das Bases de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2009.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

25.-Solución do erro cometido na transcripción do acordo de aprobación do convenio a asinar co Concello de Boiro para promover o investimento en promocións turísticas.

26.-Formalización dun convenio de colaboración para financiar o proxecto “Plan de calidade e competitividade turística de Santiago de Compostela 2006-2009. Anualidade 2008”.

27.-Formalización dun convenio de colaboración para financiar o proxecto “Plan de calidade e competitividade turística de Santiago de Compostela 2006-2009. Anualidade 2009”.

28.-Formalización dun convenio administrativo para financiar o abastecemento de auga en Alta e Mugaros.

29.-Aprobación do proxecto “NEA 2” (Nautismo Espazo Atlántico 2), incorporado no programa INTERREG IVB Espazo Atlántico, e as accións e obxectivos que comprende, así como a proposta de dotación orzamentaria para a súa execución.

Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

30.-Modificación do convenio con Paideia ano 2009.

Persoal e Réxime Interior

31.-Rexistros de intereses da Deputación Provincial da Coruña. Creación e modificación de rexistros e ficheiros.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN
PLENO DO 31 DE XULLO DE 2009**

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 31 de xullo de 2009, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DOÑA CARMEN BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE

DON BERNARDINO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DOÑA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	

A Sra. Vázquez Veras incorpórase á sesión no punto número 4.

Actúa como secretario accidental, don Luis Jaime Rodríguez Fernández, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e nove minutos, o Sr. Secretario accidental le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Se lles parece ben ás Sras. e Sres. deputados, imos gardar un minuto de silencio como condena e repulsa aos atentados de ETA e como mostra de solidariedade e apoio á familia das vítimas e ao corpo da Garda Civil.

Gárdase un minuto de silencio.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 6/09, DO 26 DE XUÑO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 6/09, do 26 de xuño.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DO Nº 11.001 AO Nº 14.100, DE 2009.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.001 á nº 14.100, de 2009.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DA DATA DA SESIÓN ORDINARIA DE AGOSTO DE 2009.

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposta:

“Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 28 de agosto.

Polo tanto, e como excepción singular do réxime ordinario establecido na sesión do 28 de xullo de 2007,

PROPONLLE AO PLENO, tras a ratificación previa da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao oitavo mes de 2009 celebrarase o día 11 de setembro, venres, a partir das doce horas.”

4.-TOMA DE COÑECEMENTO DOS DOUS INFORMES EMITIDOS O 15 DE XULLO DE 2009 POLO EQUIPO DESTA DEPUTACIÓN ENCARGADO DE REALIZAR O “PLAN DE CONTROL DOS PROXECTOS DE GASTO INCLUÍDOS NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006” SOBRE A REALIZACIÓN DAS VERIFICACIÓN DISPOSTAS NO ARTIGO 4 DO REGULAMENTO CE 438/2001 DA COMISIÓN.

(Entra no salón a Sra. Vázquez Veras).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os informes emitidos o 15 de xullo de 2009 polo equipo desta deputación encargado de realizar o “Plan de control dos proxectos de gasto incluídos no Programa operativo local 2000-2006”, sobre a realización das verificacións dispostas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

1.- Tomar coñecemento do contido dos ditos informes emitidos o 15 de xullo de 2009, que afecta aos pagamentos feitos dende o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2009 e do 1 de abril ao 30 de xuño de 2009.

Nestes informes indícase que se realizaron as verificacións precisas segundo as listaxes de comprobación facilitadas pola Dirección Xeneral de Fondos Comunitarios, que inclúen en todo caso as seguintes comprobacións:

- 1.- Que os gastos son elixibles e se realizaron dentro do período de elixibilidade.
 - 2.- Que están relacionados efectiva e directamente co proxecto aprobado.
 - 3.- Que as condicións do POL se respectaron da maneira axeitada.
 - 4.- Que os produtos ou servizos cofinanciados se subministraron.
 - 5.- Que as normas relativas ás axudas estatais, á protección do medio natural e á igualdade de oportunidades se respectaron.
 - 6.- Que a normativa nacional e comunitaria en materia de mercados públicos (contratación) se respectaron.
- 2.- Achegar o presente acordo ao Ministerio de Política Territorial co fin do seu traslado aos órganos de seguimento do Programa operativo local.”

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DO CAMBIO DE CUALIFICACIÓN DAS PARCELAS 2, 4, 6, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 15A, 17, 19, 19A, 21, 26 E 27 DO PLANO PARCELARIO DA EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP-3606 DE COVAS A SAN XURXO (0511100008.0) ASÍ COMO PARTE DA PLATAFORMA EXISTENTE E APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO Á ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO, DEMARCACIÓN DE COSTAS DE GALICIA DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE DE PARTE DA SUPERFICIE DAS PARCELAS 2, 4, 6, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 15A, 17, 19, 19A, 21, 26 E 27 DO PLANO PARCELARIO DA EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP-3606 DE COVAS A SAN XURXO (0511100008.0) ASÍ COMO PARTE DA PLATAFORMA EXISTENTE Á ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO, DEMARCACIÓN DE COSTAS DE GALICIA (MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE) PARA QUE POIDAN REALIZAR AS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO DE RESTAURACIÓN AMBIENTAL DAS PRAIAS DE COVIÑA, ESMELLE, VILAR E FRAGATA (FERROL).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. “Aprobar definitivamente o expediente de alteración do cambio de cualificación das PARCELAS 2, 4, 6, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 15 A, 17, 19, 19 A, 21, 26 e 27 do plano parcelario da expropiación dos bens e dereitos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de ampliación e mellora de trazado da EP-3606 de Cobas a San Xurxo (0511100008.0) así como parte da plataforma existente.
2. Aprobar inicialmente o expediente de cesión de uso á Demarcación de Costas de Galicia do Ministerio de Medio Ambiente de PARTE DA SUPERFICIE DAS PARCELAS 2, 4, 6, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 15 A, 17, 19, 19 A, 21, 26 e 27 do plano parcelario da expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras incluídas no proxecto ampliación e mellora de trazado da EP-3606 de Cobas a San Xurxo (0511100008.0) ASÍ COMO PARTE DA PLATAFORMA EXISTENTE Á DEMARCACIÓN DE COSTAS DE GALICIA (MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE) PARA QUE POIDAN REALIZAR OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO RESTAURACIÓN AMBIENTAL DAS PRAIAS DE COVIÑA, ESMELLE, VILAR E FRAGATA (FERROL) e que se detalla:

FINCA	M2 EXPROPIACION	M2 TERRENOS DIPUTACION	M2 CESION COSTAS	TIPO TERRENO	TITULAR		VALORACION
2	160	0	160	JARDIN	FRAGA VARELA	LUIS	3.840,00
4	172	0	172	F.CASA	FRAGA VARELA	LUIS	4.128,00
6	499	0	499	LABRADIO	PALEO SAAVEDRA	ROSA C.	11.976,00
12	30	0	30	INCULTO	DESCONOCIDO		78,00
13	17	0	17	INCULTO	DESCONOCIDO		44,20
14	26	0	26	INCULTO	DESCONOCIDO		67,60
15	32	0	32	INCULTO	CASAL RODRIGUEZ	ROSA	83,20
17	48	0	48	MONTE BAJO	GOTI CABAÑAS	MATILDE	129,60
19	139	0	139	MONTE BAJO	RODRIGUEZ	HRDOS AVELINO	375,30
21	71	0	71	MONTE BAJO	FREIRE RAMOS	PASTOR	191,70
27	1139	0	1139	MONTE ALTO	M.V.M.C. DE COBAS ESMELLE		3.075,30
19A	35	0	35	MONTE BAJO	DESCONOCIDO		94,50
15A	35	0	35	MONTE BAJO	GOTI	MATILDE	94,50
8	29	8	21	INCULTO	PAZOS ANEIROS	MANUEL	54,60
9	29	9	20	INCULTO	PAZOS ANEIROS	MANUEL	52,00
10	14	3	11	INCULTO	RODRIGUEZ RODRIGUEZ	JESUSA	28,60
11	24	1	23	INCULTO	DESCONOCIDO		59,80
26	3843	1458	2385	MONTE ALTO	M.V.M.C. DE COBAS ESMELLE		6.439,50
			2807	INCULTO	PLATAFORMA DP 3606 COBAS A SAN JORGE		7.298,20
					TOTAL		38.110,60

1.- O prazo de cesión de uso será de trinta anos contados dende a súa entrega por parte da Deputación, prorrogable antes da súa finalización por igual período. Transcorrido dito prazo os bens cedidos en uso reverterá ó patrimonio da Deputación.

A Deputación, en calquera momento e en función das necesidades para fins provinciais, poderá deixar sen efecto a autorización de cesión de uso cun aviso previo de tres meses.

2.- A cesión de uso outórgase coa finalidade exclusiva de que poidan realizar obras comprendidas no proxecto restauración ambiental das praias de Coviña, Esmelle, Vilar e Fragata (Ferrol), que deberá estar finalizada e en uso no prazo de cinco anos dende a entrega, transcorridos os cales sen iniciarse a actividade reverterá a parcela a esta Excm. Deputación, para o cal será suficiente coa acta notarial expresiva de que a Demarcación de Costas de Galicia (Ministerio de Medio Ambiente) a requirimento notarial, non puido xustificar o efectivo funcionamento.

3.- O pago de taxas, contribucións, impostos e demais tributos que se devenguen da cesión ou utilización da parcela serán de conta da Demarcación de Costas de Galicia do Ministerio de Medio Ambiente.

4.- A Demarcación de Costas de Galicia do Ministerio de Medio Ambiente asumirá todos os custos de conservación e mantemento.

5.- Así mesmo, correrán por conta de Demarcación de Costas de Galicia do Ministerio de Medio Ambiente todos os impostos que afecten á parcela en tanto estea utilizándoa este.

A propiedade da parcela en cuestión seguirá sendo en todo momento desta Excm. Deputación provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión de uso sexa causa habilitada da adquisición da propiedade a favor de Demarcación de Costas de Galicia do Ministerio de Medio Ambiente.

3. Expoñer ó público, mediante a súa publicación no BOP o citado expediente de cesión de uso durante un prazo de 15 días para efectos de presentación de reclamacións. Transcorrido o prazo de exposición ó público, someterase de novo ó Pleno da Deputación para a súa aprobación definitiva.
4. Facultar ó presidente para executar o presente acordo e, no seu caso, para a sinatura dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva.”

6.- MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO Nº 10 DO 19-12-2008 RELATIVO Á APROBACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008 CUARTA FASE NO SENTIDO DE EXCLUÍR DEL O PROXECTO “CONSTRUCCIÓN DA ROTONDA NA INTERSECCIÓN ENTRE A DP 7201 E A AVDA DOS ARCOS MOLDES (RIANXO)”, XA QUE DADAS AS CARACTERÍSTICAS DO OBXECTO DA OBRA INCLUIRANSE NO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS E APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009, SÉTIMA FASE, E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DAS CITADAS OBRAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Á vista da solicitude formulada polo Concello de Rianxo e do informe emitido polo Servizo de Vías e Obras modificar o acordo plenario nº 10 con data do 19-12-2008

relativo á aprobación do PLAN DE TRAVESÍAS 2008 CUARTA FASE no senso de excluír del o proxecto que se relaciona, posto que dadas as características do obxecto da obra incluírase no Plan de vías provinciais:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
CONSTRUCCIÓN DA ROTONDA NA INTERSECCIÓN ENTRE A DP 7201 E AVDA DOS ARCOS MOLDES (RIANXO)	84.652,64

2) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2009 SÉTIMA FASE cun orzamento total de 84652,64.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/61102 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
CONSTRUCCIÓN DA ROTONDA NA INTERSECCIÓN ENTRE A DP 7201 E AVDA DOS ARCOS MOLDES (RIANXO) (0911100008.0)	84.652,64
total	84.652,64

3) Expoñer ó público os proxectos mediante anuncio que se han inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

4) Solicitarlle á Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para realizar as citadas obras, non obstante, con carácter previo, deberá intentarse o mutuo acordo cos afectados.”

7.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 5ª FASE INTEGRADO POLOS PROXECTOS: “COMPLEMENTARIO Nº 1 DA OBRA DE TRAVESÍA EN LUAÑA (BRIÓN) NA DP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA PK 8+850 AO PK 8+740”; “COMPLEMENTARIO Nº 1 DA OBRA TRAVESÍA DE LIÑARES (BRIÓN) NA DP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA DO PK 0+370 Ó PK 0+650”; “COMPLEMENTARIO Nº1 DO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1704 CAMBRE A CARRAL PK 5,920 AO PK 9,840”.

(Abandona o salón o Sr. Balseiro Gómez)

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2009 5ª FASE cun orzamento total de 296.147,06.- euros e son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
COMPLEMENTARIO Nº 1 DA OBRA DE TRAVESÍA EN LUAÑA (BRIÓN) NA DP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA PK 8+850 Ó PK 8+740	47.475,44
COMPLEMENTARIO Nº 1 DA OBRA TRAVESÍA DE LIÑARES (BRIÓN) NA DP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA DO PK 0+370 Ó PK 0+650	73.174,17
COMPLEMENTARIO Nº1 DO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1704 CAMBRE A CARRAL PK 5,920 Ó PK 9,840	148.497,45
TOTAL	269.147,06

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

2º) Remitirlles os citados proxectos ós concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

8.- APROBACIÓN DO PROXECTO “REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 1703 DO ESPÍRITO SANTO A FRAÍIS DO PK 1,440 AO 2,440 CAMBRE (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0511100004.1)

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 1703 DE ESPÍRITO SANTO A FRAÍIS DO PK 1,440 Ó 2,440, CAMBRE (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0511100004.1) polo seu orzamento de contrata de 357.960,19.- EUROS, que representa un incremento respecto ó primitivo de 55.268,40.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, *MANTENIMIENTO FORESTAL M.G. S. L.* (B27223478) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 290.305,71.- EUROS, que representa un incremento respecto ó primitivo de 44.822,67.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.792,91.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 11.612,23.- EUROS.”

9.- APROBACIÓN DO PROXECTO “REFORMADO DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA EP 5404 DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA. PLATAFORMA PEONIL PK 0+530 Ó 1+280, NARÓN (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 08111000061)”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA EP 5404 DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA. PLATAFORMA PEONIL PK 0+530 Ó 1+280, NARÓN (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811100006.1) polo seu orzamento de contrata de 233.589,77.- EUROS, que representa un incremento respecto ó primitivo de 36.792,08.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, *SYR AMG, S. L.* (B15938780) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 155.734,30.- EUROS, que representa un incremento respecto ó primitivo de 24.529,28.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.057,30.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 6.712,69.- EUROS.”

10.-APROBACIÓN DO PROXECTO “REFORMADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA EP 7304 DE XARAS A OLVEIRA PK 1,64 AO PK 3,99 RIBEIRA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811300006.1).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA DP 7304 DE XARAS A OLVEIRA PK 1,64 A PK 3,99 RIBEIRA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811300006.1) polo seu orzamento de contrata de 438.832,29.- EUROS, que representa un incremento respecto ó primitivo de 69.673,43.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, *PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN*, S. L. (B70146923) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 364.625,75.- EUROS, que representa un incremento respecto ó primitivo de 57.891,65.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 2.495,33.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 15.716,63.- EUROS.”

11.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009 OITAVA FASE, INTEGRADO POR CATRO PROXECTOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1) “Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2009 OITAVA FASE cun orzamento total de 810.077,97 euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/61102 que se detalla:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
FIRME E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NAS DP 0106, 1706 E 5813	280.596,67
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 4307 TRAMO DE NEMEÑO DE PK 8+000 Ó PK 9+100 (PONTECESO)	158.844,73
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 4307 TRAMO DE A CAMPARA DE PK 6+500 Ó PK 7+980 (PONTECESO)	249.146,19
COMPLEMENTARIO DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA ESTRADA PROVINCIAL DP 3606 DE COBAS A SAN XURXO	121.490,38
TOTAL	810.077,97

2) Expoñer ó público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

12.- APROBACIÓN DO PROXECTO “REFORMADO DO PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO NA DP 8203 VEDRA Á PONTE DE SANTA LUCÍA DO PK 4,700 AO 8,130 VEDRA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811100003.1)”

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1º.- Aprobar o proxecto REFORMADO DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA D.P. 8203 VEDRA A Ponte DE SANTA LUCIA DO P.K. 4,700 Ao 8,130 VEDRA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811100003.1) polo seu orzamento de contrata de 1.184.584,36 euros que representa un incremento respecto ao primitivo de 394.696,88 euros

2º.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, C.R.C. OBRAS E SERVIZOS, S.L. (B15387855) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo orzamento de adxudicación de 877.887,05.- euros, que representa un incremento con respecto ao primitivo de 292.507,05.- euros.

3º.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 58.501,41.- euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando xa que logo fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 175.577,41.- euros.

A aprobación definitiva deste proxecto reformado queda condicionado á incorporación das baixas do Plan de vías provinciais.”

13.- APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS (INCLUÍDOS NO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS (2009-2011)): “AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES-CHANTEIRO FASE I” E “AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES-CHANTEIRO FASE II”

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar tecnicamente os proxectos que se relacionan que se integrarán no PROGRAMA DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS (2009-2011)

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES-CHANTEIRO FASE I	1.162.622,57
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES-CHANTEIRO FASE II	635.639,17
totais	1.798.261,74

Expoñer ó público os citados proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

- Solicitalle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e en base ós informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como

TÍTULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES-CHANTEIRO (ARES) FASE I	<p>Actualmente a estrada ten unha sección estreita, ata de menos de 5 metros nalgunhas zonas.</p> <p>Existen zonas con gran densidade de vivendas no que o tránsito peonil é intenso e actualmente perigoso por carecer de beirarrúas sendas para iso e ao ter unha calzada estreita con gran intensidade de tráfico</p> <p>Que actualmente existen dúas interseccións mal acondicionadas e perigosas nas que se proxecta a construción de dúas glorietas que mellorarán sensiblemente a seguridade na circulación</p> <p>Que se proxecta a ampliación da sección da estrada que mellorará substancialmente a visibilidade en curvas de radio reducido</p> <p>Que nos últimos anos o tráfico experimentou un significativo crecemento sobre todo en época estival que fai necesaria unha urxente mellora das características coa fin de evitar incremento da accidentalidade</p> <p>Que se produciron nos últimos anos accidentes con saídas de calzada e colisións que coas melloras proxectadas tenderanse a diminuír nun grao significativo</p>
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES-CHANTEIRO (ARES) FASE II	<p>- Actualmente a estrada ten unha sección estreita, ata de menos de 5 metros nalgunhas zonas.</p> <p>Existen zonas con grande densidade de vivendas no que o tránsito peonil é intenso e actualmente perigoso por carecer de beirarrúas sendas para iso e ao ter unha calzada estreita con gran intensidade de tráfico</p> <p>Que actualmente existen dúas interseccións mal acondicionadas e perigosas nas que se proxecta a construción de dúas glorietas que mellorarán sensiblemente a seguridade na circulación</p> <p>Que se proxecta a ampliación da sección da estrada que mellorará substancialmente a visibilidade en curvas de radio reducido</p> <p>Que nos últimos anos o tráfico experimentou un significativo crecemento sobre todo en época estival que fai necesaria unha urxente mellora das características coa fin de evitar incremento da accidentalidade</p> <p>Que se produciron nos últimos anos accidentes con saídas de calzada e colisións que coas melloras proxectadas tenderanse a diminuír nun grao significativo</p>

Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras MELLORA DE TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES-

CHANTEIRO (ARES) FASE I e MELLORA DE TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES-CHANTEIRO (ARES) FASE II mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, definitivamente aprobado se estas non se producisen.”

14.-MODIFICACIÓN DA APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO E MESÍA PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE INSTALACIÓN DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE VISANTOÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o acordo do pleno con data do 29-5-2009 relativo a aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial e o Concello de Mesía para financiar as obras incluídas no proxecto de instalación de área de xogo de herba artificial no campo de fútbol municipal de Visantoña, no senso:

Onde di: “Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial e o Concello de Mesía para financiar as obras incluídas no proxecto de instalación área de xogo de herba artificial no campo de fútbol municipal de Visantoña, cunha achega da Deputación Provincial de 158.000,00 euros, o que supón unha porcentaxe de financiamento do 82,96%, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432Y/762.01”

Debe dicir: “Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial e o Concello de Mesía para financiar as obras incluídas no proxecto de instalación área de xogo de herba artificial no campo de fútbol municipal de Visantoña, cunha achega da Deputación Provincial de 340.000,00 euros, o que supón unha porcentaxe de financiamento do 82,96%, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 0202/452H/762.01”.

15.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DO PINO PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE INSTALACIÓN DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE REBOREDO DO PINO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio, atendendo ó obxecto e finalidade da actividade que se ha realizar:

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial e o Concello do Pino para financiar as obras incluídas no proxecto de INSTALACIÓN DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE REBOREDO DO PINO, cunha achega da Deputación

Provincial de 340.000,00 euros, o que supón unha porcentaxe de financiamento do 85,00 %, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 0202/452H/762.01.”

16.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO DA PARCELA Nº 39 DO POLÍGONO DE SABÓN AO CONCELLO DE ARTEIXO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar definitivamente o expediente de CESIÓN DE USO DA PARCELA 39 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DE MÓDULO DE ATLETISMO E OUTROS EQUIPAMENTOS PARA USOS DEPORTIVOS

2º. As condicións da presente cesión de uso son:

Nº PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL	Nº DE INVENTARIO
39	9956706NH3995N0001SP	35

A descrición da parcela 39, de acordo co informe do Servizo de Arquitectura desta Deputación Provincial é a seguinte:

”1. A parcela número 39 está cualificada nas ordenanzas reguladoras do polígono de Sabón como de segunda categoría e cualificada de usos comunitarios nas normas subsidiarias de planeamento municipal.

2. Na devandita parcela existe unha pista dedicada a actividades de equitación.

3. Aínda que a superficie que figura nas ordenanzas é de 9.600,00 m2 e a superficie de adxudicación que figura no cadro de situación é de 11.130,00 m2, a medición efectuada recentemente por técnicos do Servizo de Infraestruturas e Conservación da Deputación Provincial é de 12.525,15 m2, dos cales 1872,44 m2 están destinados na actualidade a paseo fluvial. Xa que logo, a superficie real da parcela é de 10.653,12 m2.

4. Valoración: Tomando esta última superficie e estimando o valor por metro cadrado de 330 euros, o valor de devandita parcela ascende á cantidade de 3.515.529,60 euros.

10.653,12 m2 x 330 euros/m2= 3.515.529,60 euros”

1.- O prazo de cesión de uso da parcela será de 30 anos contados desde a súa entrega por parte da Deputación, prorrogable antes da súa finalización por igual período. Transcorrido o devandito prazo a parcela cedida en uso reverterá ao patrimonio da Deputación con todas as súas pertenzas, edificios, instalacións e accesións. A deputación, en calquera momento e en función das necesidades para fins provinciais, poderá deixar sen efecto a autorización de cesión de uso cun aviso previo de tres meses.

2.- O obxecto da presente cesión da parcela 39 do Polígono Industrial de Sabón ao Concello de Arteixo para a construción de módulo de atletismo e outros equipamentos para usos deportivos.

3.- A cesión de uso outórgase coa finalidade exclusiva da construción de módulo de atletismo e outros equipamentos para usos deportivos, que deberá estar finalizado e en uso no prazo de cinco anos desde a entrega da posesión, transcorridos os cales sen terse iniciado a actividade, reverterá a parcela a esta Excm. Deputación, para o que será suficiente a acta notarial expresiva de que o Concello de Arteixo a requirimento notarial non puido xustificar o seu efectivo funcionamento.

4.- O pago de taxas, contribucións, impostos e demais tributos que se produzan da cesión ou utilización da parcela serán por conta do Concello de Arteixo.

5.- O Concello de Arteixo asumirá todos os custos de conservación e mantemento.

6.- Así mesmo, correrán por conta do Concello de Arteixo todos os impostos que afecten á parcela en tanto esta sendo utilizada por este.

A propiedade da parcela en cuestión seguirá sendo en todo momento desta Excm. Deputación Provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión de uso sexa causa habilitada da adquisición da propiedade a favor do Concello de Arteixo.

3º. Facultar ao presidente para executar o presente acordo, e no seu caso, para a sinatura dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva.”

17.- APROBACIÓN DA QUINTA E ÚLTIMA FASE DO PLAN ESPECIAL DE ILUMINACIÓN E OUTROS COMPLEMENTOS NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE HERBA ARTIFICIAL 2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as bases reguladoras do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o día 30 de maio de 2008 (BOP nº 128, do día 5 de xuño de 2008) e modificadas mediante o acordo plenario provincial do 28-11-2008 de aprobación da primeira fase deste plan especial (BOP nº 278, do día 2 de decembro de 2008) e máis polo acordo plenario provincial do 27-03-2009 de aprobación da terceira fase deste plan especial (BOP nº 74, do día 1 de abril de 2009) .

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases.

Logo de ver a proposta de selección das obras subscritas polo Sr. presidente da Comisión Informativa de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento, con data do 17 de xullo de 2009, na que se inclúe a solicitude do Concello de Vedra xa que presenta a documentación xustificativa correcta no día de hoxe e cumpre todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras deste plan especial.

1 Aprobar a quinta e última fase do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, cuxas bases foron aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o día 30 de maio de 2008 (BOP núm.128, do día 5 de xuño de 2008) e modificadas mediante o acordo plenario provincial do 28-11-2008 de aprobación da primeira fase (BOP nº 278, do día

2 de decembro de 2008) e máis polo acordo plenario provincial do 27-03-2009 de aprobación da terceira fase deste plan especial (BOP nº 74, do día 1 de abril de 2009) .

Nesta fase do plan inclúese a actuación que se indica a continuación que completa e remata a aprobación deste plan da deputación. Indícase o detalle de financiamento entre o respectivo concello e a deputación:

			FINANCIAMENTO		
CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	DEPUTACIÓN	TOTAL
VEDRA	08-3250-0047.0	Reforma das inst.iluminación campo de fútbol Sta. Cruz de Ribadulla	10.985,46	60.000,00	70.985,46
TOTAL			10.985,46	60.000,00	70.985,46

2 Condicionar a aprobación definitiva desta fase á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos núm.3/2009 de aprobación polo Pleno Provincial no que se habilitará o crédito necesario e suficiente para o seu financiamento. Esta aprobación previsiblemente se realizará na mesma sesión plenaria na que se aprobe esta fase quinta e última do plan.

3 Aprobar o proxecto técnico da obra incluída nesta fase do plan.

4 A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan da deputación, modificadas mediante o acordo plenario provincial do 28-11-2008 de aprobación da primeira fase deste plan especial e máis polo acordo plenario provincial do 27-03-2009 de aprobación da terceira fase deste plan especial (BOP nº 74, do día 1 de abril de 2009) .

5 Someter este acordo a exposición pública durante dez días mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presentara ningunha.

6 Remitirle este acordo para o seu coñecemento e posterior informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emitira informe ningún.”

18.-APROBACIÓN DE MODELOS-TIPO DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN QUE INSTRUMENTEN A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS: REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES; OBRAS; SUBMINISTRACIONES E ADQUISICIÓN DE INMOBLES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar os modelos tipo dos convenios de subvencións nominativas que a continuación se indican, cuxa competencia para a súa aprobación lle corresponde ó Pleno da Corporación:

- Convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas para a realización de actividades.
- Convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas para a realización de obras.
- Convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas para a realización de adquisición de inmobles.
- Convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas para a realización de adquisición de abastecementos.”

19.-APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO TIPO DA CAMPAÑA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN CIVIL (GRUMIR) 2009, CON PRAZO DE VIXENCIA ATA O 30 DE XUÑO DE 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o punto un da cláusula décimo terceira do convenio relativa á vixencia que quedaría modificada conforme ó seguinte teor literal.

" O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2010."

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA O SOSTEMENTO DUN GRUPO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

Na Coruña o de dous mil nove

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

O Sr. Don Alcalde-Presidente do Concello de

EXPOÑEN

1.- Que ámbalas dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Deputación da Coruña, tendo entre as súas competencias o fomento e a administración dos intereses peculiares da súa provincia, está interesada na colaboración cos concellos no sostemento de Grupos Municipais de Intervención Rápida (GMIR), que é un corpo enmarcado dentro da seguridade civil dos municipios e que teñen como principal función ter unha infraestrutura altamente operativa que permita dar resposta inmediata ante situacións de emerxencia que impliquen riscos para as persoas ou os bens materiais das áreas dos distintos concellos.

3.- Que a Deputación da Coruña non dispón dos medios persoais nin materiais axeitados para afrontar esta tarefa.

4.- Que os GRUMIR levan actuando dende agosto de 1997 coa colaboración da Xunta de Galicia e máis a FEGAMP.

5.- Que o presente convenio é consecuente coas liñas de actuación que a Deputación vén realizando nas materias de protección civil e campañas de prevención de incendios.

Por todo isto e coa fin de establece-las condicións de colaboración necesarias e acada-lo fin proposto, a Deputación da Coruña e o Concello de acordan subscribi-lo presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA .-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os CONCELLOS no sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida, en orde a conseguirla inmediata resposta a situacións de emerxencia en: emerxencias en: incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, inundacións, primeiros auxilios, asistencia domiciliares, apoio en materia de seguridade viaria, actividades medioambientais, cooperación en axudas humanitarias e cantas outras supoñan dar resposta ás emerxencias do municipio.

En ningún caso formarán parte do obxecto do presente convenio actividades ou investimentos que sexan incluídas noutros plans ou programas provinciais.

SEGUNDA.- OBRIGAS

O concello de ten creado un Grupo Municipal de Intervención Rápida composto por: un responsable encargado da coordinación técnica, un xefe de grupo, encargado da coordinación dos operativos do grupo, dous capataces, encargados da coordinación das distintas quendas, podendo exercer un dos capataces de xefe de grupo, e dez peóns. Organizaranse en quendas de mañá, tarde e noite, de tal xeito que poidan estar localizables as 24 horas do día para actuar en calquera emerxencia que poida acontecer nas áreas do seu contorno.

A Deputación participará mediante aboamento dunha subvención ao concello dos gastos de sostemento do grupo por un importe máximo de 45.000.- euros os cales irán destinados a financiar los gastos de nóminas de persoal e material funxible.

O concello, antes da sinatura do convenio, deberá acreditar que está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

TERCEIRA._ FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 45.000,00 €. No caso de que non xustifique a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da Deputación ata a cantidade xustificada.

No caso de que os gastos xustificadas foran superiores a achega da Deputación non superará a cantidade indicada da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/223A/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu

importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior

CUARTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Corresponderalle ó CONCELLO de o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

QUINTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

SEXTA.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

Logo da sinatura deste convenio aboarase por adiantado ata o 50 por 100 da subvención concedida.

O CONCELLO de deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se o CONCELLO ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentado a xustificación correspondente.

SÉTIMA.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, O CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONCELLO DE na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO terá dereito ao aboamento

dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

OITAVA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O CONCELLO de deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

NOVENA.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

DÉCIMA.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

DÉCIMO PRIMEIRA.-REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

DÉCIMO SEGUNDA.-INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó CONCELLO DE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación

DÉCIMO SEGUNDA.-VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende o 1 de xaneiro de dous mil nove e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño de 2010.

2. Logo da solicitude previa do CONCELLO DE, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO TERCEIRA.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do CONCELLO DE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do de dous mil nove.

En proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data expresados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA
CORUÑA

O/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO
CONCELLO DE

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

Asdo.: “

20.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BETANZOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Betanzos en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

21.-INFORME SOBRE A FISCALIZACIÓN POSTERIOR FEITA AOS RECURSOS PROPIOS E DOUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2008. (AUTOLIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATURZA URBANA- IIVTNU E LIQUIDACIÓN DE CONTRAÍDO PREVIO E INGRESO

DIRECTO E DA ANULACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS-IAE).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización posterior feita aos recursos propios e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2008, na aplicación do disposto nos artigos 214,219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 2 da Base 32 das de execución do Presuposto para o exercicio 2008 e da Resolución da Presidencia núm. 20.744/2002 do 28 de decembro modificada pola Resolución núm. 10.157/2007 do 14 de xuño, pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar informados do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión tributaria revisados non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento tributario de aplicación, polo que é obrigado felicitar aos servizos de xestión tributaria polos resultados obtidos e por estar a superar as dificultades que toda nova aplicación informática supón.”

22.-ACTA DAS INSPECCIÓN S LEVADAS A CABO POLA COMISIÓN CONXUNTA DE RECADACIÓN-INTERVENCIÓN NOS MESES DE XUÑO E XULLO DE 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Á vista da acta de inspección emitida polos integrantes da comisión conxunta de Recadación-Intervención nos meses de xuño e xullo 2009, esta comisión adopta o seguinte acordo:

Toma coñecemento do seu contido así como do informe emitido pola Intervención provincial.”

23.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS MUNICIPAIS PARA A RECLAMACIÓN AO *MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA*, POLA BONIFICACIÓN DO 95% DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) DAS AUTOESTRADAS. CONCELLOS: CULLEREDO, NEDA, MESÍA, ORDES, PADRÓN E CAMBRE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aceptar a delegación presentada por cada un dos concellos delegantes:

- ⇒ Culleredo
- ⇒ Padrón
- ⇒ Neda
- ⇒ Mesía
- ⇒ Ordes
- ⇒ Cambre

2) Facultar ao presidente para adoptar as disposicións e actuacións necesarias para levar a efecto as reclamacións.”

24.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DE APROBACIÓN POLO PLENO 3/09 E MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 3/09 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 10.118.221,89€ e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios..... 1.793.927,74
 SC. Suplementos de crédito.....8.324.294,15
 7.886.038,39

Total de aumentos:..... 10.118.221,89

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

B.A. Baixas por anulación.....2.232.183,50
 RX Remanente de tesourería para gastos xerais:

Total financiamento:..... 10.118.221,89

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE INGRESOS E GASTOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	80.629,85	
2. Gastos correntes	1.167.345,27	180.000,00
3. Gastos financeiros	396.641,53	1.447.551,52
4. Transferencias correntes	2.626.842,79	38.257,91
6. Investimentos reais	2.344.647,07	72.374,07
7. Transferencias de capital	3.502.115,38	494.000,00
8. Activos financeiros		
9. Pasivos financeiros		
TOTAL MODIFICACIÓNS	10.118.221,89	2.232.183,50

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	7.886.038,39
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	7.886.038,39

2º.- Modificación da Base 48ª de execución do Orzamento provincial.

2º-1 Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 48ª do Orzamento Provincial do exercicio 2009 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do Regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0104/330B/489.01	Fundación Galicia Innova	G15905839	Identificación de programas de fortalecemento institucional no sector dos servizos sociais no PERÚ e no sector sanitario na República de PARAGUAI	55.000,00	68.750,00	80,00
0104/330B/789.01	Solidariedade Internacional de Galicia	G36833648	Saneamento básico nas comunidades de El Palmo, La Esperanza e San Miguel Las Pilas, Chamberico-Guatemala. Ano 2009	43.000,00	280.635,00	15,32
0104/463C/489.01	Fundación Xeito Novo de Cultura Galega (Arxentina)	T000000033	Proxecto "Emig-2009"	18.000,00	19.500,00	92,31
0202/412E/628.00	AVAN Coruña	G15512502	Adquisición desfibrilador	3.182,00	3.182,00	100,00
0202/451F/489.01	Universidade Santiago Compostela	Q1518001A	Convenio realización prácticas curso posgrao "Máster en admón. Local	27.000,00	27.000,00	100,00
0202/452A/762.01	Concello Brión	P1501300F	Marquesiña metálica bancada campo fútbol	48.822,80	59.540,00	82,00
0202/511C/762.01	Concello Santiago	P1507900G	Construción Vía Verde Santiago Compostela-Ordes	42.920,00	42.920,00	100,00
0305/223A/762.01	Concello Corcubión	P1502800D	Construción nave protección civil	176.827,15	176.827,15	100,00
0305/446A/462.01	Concello As Pontes	P1507100D	Proxecto educativo ambiental "As Pontes aprende" 2009	6.032,00	7.540,00	80,00
0305/451E/489.01	Colexio Economistas A Coruña	Q1561002E	Proxecto VIII congreso nacional REAF	30.000,00	185.533,20	16,17
0305/451E/489.01	Federación Galega Cultura	G36231561	IX encontro embarcacións tradicionais de Galicia	60.000,00	75.000,00	80,00

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
	Marítima e Fluvial					
0305/451L/489.01	FESGA	G15938632	Historia movemento obreiro galego: Período 1901-1977	30.000,00	37.500,00	80,00
0305/451L/489.01	EXPONAV	G15944564	Mantemento sala de exposicións ano 2009	90.000,00	112.500,00	80,00
0305/451L/489.01	Fundación Conama	G82573577	Terceiro encontro local de vilas e cidades pola sostibilidade – Sevilla novembro 2009	12.000,00	120.000,00	10,00
0305/451L/789.01	Fundación Pro-patrimonio Rois	G70045232	Restauración de muíños no lugar de Seira (Rois)	30.649,00	47.073,51	65,11
0305/521A/489.01	Emuga	G15211790	Apoio ás emisoras municipais de Galicia: actividades 2009	30.000,00	100.000,00	30,00
0305/622B/489.01	Fundación Lonxanet para pesca sostible	G15854441	Apertura peixería Lonxanet no Mercado San Miguel - Madrid	48.106,40	69.754,28	68,97
0305/451E/489.01	Artesáns do Eume	G15893084	Proxecto dinamización dos oficios artesáns do Eume	25.000,00	165.233,20	15,13
0305/751A/762.01	Concello de Zas	P1509400F	Ampliación paseo fluvial	278.265,63	278.265,63	100,00
0502/126E/489.01	Fundación Galicia Innova	G15905839	Traballo investigación sobre indicadores municipais	180.000,00	225.000,00	80,00
0601/451D/462.01	Concello Santiago	P1507900G	VI Festival internacional de Curtametraxes	140.000,00	175.000,00	80,00
0601/451D/462.01	Concello Santiago	P1507900G	Festival músicas do mundo Compostela festival ano 2009	60.000,00	361.500,00	16,60
0601/451D/762.01	Auditorio Galicia	Q1500340C	Renovación do equipamento técnico	84.227,42	105.284,27	80,00
0601/451F/489.01	Universidade Santiago Compostela	Q1518001A	Curso formación continua Dereito Urbanístico e Ordenación Territorio (2009-2010)	8.000,00	37.494,00	21,34
0601/451H/462.01	Concello Santiago	P1507900G	Financiamento centros socioculturais barrio anualidade 2009	145.000,00	250.000,00	58,00
0601/451H/462.01	Concello Santiago	P1507900G	Posta funcionamento ludoteca Fontiñas	90.000,00	113.115,26	79,56
0601/451H/467.01	Ceida	V15653298	“Por unha cultura ambiental” proxecto formación, asesoría, divulgación e participación ambiental nos concellos	100.000,00	167.750,00	59,61
0601/451H/489.01	Fundación Garda Civil	G83486001	Semana institucional da Garda Civil 2009	50.000,00	75.000,00	66,67

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0601/451H/489.01	Asociación Escritores Lingua Galega	G15039936	Programa actividades 2009	48.000,00	60.000,00	80,00
0601/451H/789.01	Asoc. Cultural Virxe Sta. Mariña do Obre	G15892847	Rehabilitación igrexa parroquial Santa Mariña do Obre (Noia)	90.000,00	118.855,82	75,72
0601/451H/789.01	Diocese Mondoñedo-Ferrol	R1500019C	Financiamento obras local social Coordinadora Confrarías Semana Santa	25.000,00	26.400,73	94,69
0601/451L/489.01	Fundación Museo de artes do gravado á estampa dixital	G15798168	Financiamento actividades 2009 de preparación do programa de exposicións ano 2010	24.000,00	31.000,00	77,42
0601/451L/489.01	Fundación Manuel María	G70109376	Programa actividades 2009	30.000,00	30.000,00	100,00
0601/452C/489.01	Hockey club Liceo	G15075278	Fase final copa de S.M. o Rei na Coruña ano 2009	36.000,00	49.300,00	73,02
0601/452C/489.01	Club Autos Lobelle F.S.	G15728975	Campionato España Sub-20 fútbol sala ano 2009	25.000,00	32.000,00	78,12
0601/452C/489.01	Asoc. fútbol afeccionado Coruña (AFAC)	G15212707	IV torneo internación de fútbol base AFAC	30.000,00	40.000,00	75,00
0601/452C/789.01	Escudería Peña autocross Arteixo	G15120462	Instalación bancadas no circuíto autocross JR Losada	21.024,50	21.024,50	100,00
0601/454B/789.01	Arcebispado Santiago Compostela	R1500020A	Instalación sistema extinción incendios arquivo diocesano	97.000,00	97.736,02	99,25
0601/454B/789.01	Asoc. cultural Airela (Boqueixón)	G15640352	Financiamento da restauración dos retablos de tres igrexas	90.000,00	90.000,00	100,00
0701/313M/489.01	Fundación Terra de Trasancos	G15807126	Actividades "Envellecemento activo" ano 2009	40.000,00	52.379,07	76,00
0701/313M/489.01	CEOMA	G82662743	Asistencia IX edición congreso nacional persoas maiores	11.276,00	14.095,00	80,00
0701/313M/489.01	Museo arte contemporáneo Unión Fenosa (MACUF)	V15988165	Programa museístico persoas diversidade funcional	26.000,00	33.443,75	77,74
0701/313M/789.01	Fogar Sor Eusebia	G15077225	Adquisición furgoneta transporte adaptado	19.200,00	24.000,00	80,00
0701/313M/789.01	Asoc. síndrome Down "Teima de Ferrol"	G15458060	Obras e equipamento no local social	240.000,00	319.371,34	75,15
0701/313M/789.01	Adibismur (Asoc. discapacitados bisbarra Muros)	G15052137	Equipamento centro ocupacional bisbarra Muros	70.000,00	92.938,04	75,32
0701/313M/789.01	Asoc. xuvenil, cultural, deportiva, ambiental e de promoción da	G15973357	Adquisición vehículo adaptado transporte deportistas con discapacidades	34.831,20	43.539,00	80,00

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
	saúde INTEGRAD@S					
0701/313M/789.01	Fundación INLADI	G15729742	Adquisición vehículo adaptado transporte persoas discapacitadas	31.552,00	39.440,00	80,00
0701/350A/489.01	Mesa normalización lingüística	G15154610	Correlingua 2009 "Tes dereitos lingüísticos exérceos"	80.000,00	100.000,00	80,00
TOTAL				2.980.916,10		

2º-2 Modificar as subvencións nominativas seguintes:

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0104/330B/789.01	Fundación Entreculturas – Fe e Alegría (1)	G82409020	Proxecto de fortalecemento da capacidade educativa en dúas escolas de primaria nas provincias de Muyinga e Bururi - Burundi	28.773,23	54.297,92	52,99
0305/441B/762.01	Concello Mugardos (2)	P1505200D	Abastecemento de auga en Alta	350.000,00	1.842.758,00	18,99
0305/751A/462.01	Concello Santiago (3)	P1507900G	Competitividade turística Santiago anualidade 2008	350.000,00	440.990,02	79,36
0305/751A/462.01	Concello Santiago (3)	P1507900G	Competitividade turística Santiago anualidade 2009	350.000,00	439.835,50	79,58
0701/313M/789.01	Fundación ADCOR (4)	G15546484	Construción residencia e centro de día Coruña-2009	250.000,00	960.000,00	26,04

- (1) Cambio de partida, beneficiario e coeficiente financiamento
- (2) Cambio obxecto, antes parroquias Franza, O Seixo e San Xoán.
- (3) Incremento das subvencións iniciais (2008 + 150.000,00 e 2009 + 200.000,00)
- (4) Incremento da subvención inicial (2009 + 100.000,00)

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

25.-CORRECCIÓN DO ERRO COMETIDO NA TRANSCRICIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO CONVENIO A ASINAR CO CONCELLO DE BOIRO PARA PROMOVER O INVESTIMENTO EN PROMOCIÓNS TURÍSTICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a corrección do erro producido na transcripción do acordo no que quedou aprobado o convenio a asinar entre a Deputación provincial e o Concello de Boiro para promover o investimento en promocións turísticas, na sesión plenaria do pasado vinte e nove de maio de 2009.

O erro radica na circunstancia de figurar dúas cantidades distintas en referencia á cantidade á que ascende a subvención provincial ao proxecto: 11.990,00 e 11.990,50 euros respectivamente.

A cantidade correcta a que ascende a achega provincial ao proxecto, que foi a efectiva e correctamente retida con motivo da fiscalización do proxecto é a de 11.990,50 euros que é a cantidade á que definitivamente debe ser referenciado o acordo plenario.”

26.-FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA FINANCIAR O PROXECTO “PLAN DE CALIDADE E COMPETITIVIDADE TURÍSTICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2006-2009. ANUALIDADE 2008”.

INTERVENCIONES

Sr. presidente

Quere intervir sobre este punto e paréceme que tamén sobre o 27, agrupamos as dúas intervencións, porque é o mesmo tema. Ten a palabra a Sra. Vázquez Mejuto para intervir sobre o punto número 26 e número 27 que se agrupa para o seu debate aínda que se votará de forma separada.

Sra. Vázquez Mejuto

Bo día, presidente, deputadas e deputados, este tema, como tantos outros, foi levado á Comisión Informativa. Nel o Grupo Popular formalizaba unha serie de preguntas porque nos chamaba a atención non só a contía dos convenios senón que hai un convenio que se vai aprobar e que as actividades corresponden ao ano 2008, xuridicamente é defendible pero politicamente eu penso que non debe de ser así, sobre todo sabendo a situación na que se encontra a empresa INCOLSA, é dicir, o Concello de Santiago vai ceder todo este diñeiro a unha empresa que é cen por cento creada a través do Concello de Santiago e sabemos que a situación económica-financeira dela é

extremadamente delicada incluso a día de hoxe. Entón, que cremos nós e de que estamos convencidos?, que por parte da Deputación estase intentando tapar un furado económico que é moi importante e que incluso en distintos medios de comunicación algún concelleiro de Santiago do BNG dicía que se achegaba ata 1.800.000 euros.

En realidade, como Grupo Popular deberíamos de votar en contra disto, pero tamén, conscientes do que se lle vén enriba a Santiago de Compostela e a toda Galicia e co ano Xacobeo 2010, non o podemos facer así porque non queremos que a nosa decisión vaia en contra do que é a actividade económica e turística desta cidade, se ben é certo, pediríamos desde aquí que, aínda que se achegue este diñeiro e despois sexan xustificados, que eu creo que vai haber grandes problemas para xustificalos despois convenientemente, pídase que se faga un saneamento e póñanse as cousas claras no que a esta empresa se refire.

Por estes motivos e moitos máis nos cales tampouco nos imos esprañar porque as contas do ano 2008, en concreto de INCOLSA, foron aprobadas, foron a Pleno no Concello de Santiago e están fiscalizadas e agora non sabemos como se van facer os reaxustes pertinentes con este suplemento que vai facer a Deputación, o noso voto vai ser de abstención e despois teremos control absoluto do que aconteza sobre esa xustificación.

Sr. Villamar Díaz

Moitas grazas, Sr. presidente. Quería contestarlle á Sra. Ángeles Vázquez que, efectivamente, o ano que vén é un ano importante para o turismo en Galicia, o noso máximo referente, ás veces Galicia non é coñecido por aí por fóra pero si é coñecido Santiago de Compostela e o máximo referente que temos, efectivamente, é o Xacobeo que se vai celebrar o próximo ano e eu creo que todas as colaboracións que fagamos boas son, porque é unha actividade económica importante para o noso país.

Agradézolle tamén ao Partido Popular e á Sra. Ángeles Vázquez que vaian absterse, a min gustaríanme que votasen a favor, pero agradezo tamén a súa abstención.

Se ven o título do punto da orde do día, verán que estamos falando dun acordo marco que xa existía, anterior a todo o que vostede acaba de mencionar, e é un acordo marco que tiña a Deputación da Coruña co Concello de Santiago desde o ano 2006 ao ano 2009, e neste caso nós o único que facemos é achegar o diñeiro que corresponde ás anualidades 2008 e 2009,-aínda que eu vexo que aquí por erro repítese dúas veces o 2008, perdón, o que está equivocado son eu - e o único que facemos é iso, cumprir con ese acordo marco, que é verdade que parece que a marcha desta empresa non é todo o boa que sería desexable, pero por parte da Deputación nós o único que facemos é atender esas dúas anualidades ás que estabamos comprometidos, unha delas xa se realiza iso, ou realízase agora o convenio, pero as partidas económicas xa estaban aprobadas, e a outra, que corresponde ao ano 2009 estámola aprobando, acabámola de aprobar tamén no apartado número 24, isto o único que vén é a desenvolver o convenio

oportuno, polo tanto, novamente agradecer a abstención, pero gustaríame que fose un voto afirmativo. Nada máis pola miña parte.

Sra. Vázquez Mejuto

Quérolle responder ao Sr. Pablo Villamar dicíndolle que en realidade hai un acordo marco pero aquí hai un suplemento económico, é dicir, non só se está levando a cabo ese acordo marco. Doutra banda, postos a facer preguntas dicimos por que non se fixo no ano 2008 e se leva a cabo agora, pero hai respostas e as respostas veñen determinadas porque había unha previsión económica para o ano 2008, en concreto, que ían recaer sobre INCOLSA e había un convenio de promoción de Santiago de Compostela asinado por Turgalicia que nun principio era de 600.000 euros o compromiso e despois só chegou a ser de 150.000 euros, é dicir, aí houbo un desaxuste, houbo uns acordos políticos que despois non se plasmaron no papel e agora o que se fai é ocultar un pouco todo o que está ocorrendo a través deste acordo marco que está con diñeiro suplementado, non é que se cumpra estritamente o que acordara. Polo cal o noso voto segue sendo de abstención, a pesar, Sr. Pablo Villamar, de que debería de ser en contra.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a empresa INCOLSA_Turismo Compostela para financiar o proxecto de promoción turística denominado *"Plan de calidade e competitividade turística de Santiago de Compostela 2006-2009, ANUALIDADE 2008"*

2.- A achega provincial prevista neste convenio ascende a un total de 350.000 euros, segundo o seguinte detalle:

ANUALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN
2008	350.000,00 €	0305/751a/462.01

3.- O presente acordo queda condicionado á definitiva entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 3/2009 no que queda habilitado o suficiente con que facer fronte á achega provincial prevista no convenio.

4.- O texto íntegro do CONVENIO é o seguinte:

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e consonte ás competencias que ten atribuídas.

Doutra parte, D.Xosé Antonio Sánchez Bugallo en representación do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

Que o sector turístico supón un factor de gran potencialidade no desenvolvemento económico do concello e de toda a provincia e que a súa promoción responde a unha demanda social cada vez máis solicitada en relación coas ofertas culturais, económicas e laborais do Concello de Santiago.

Que a Área de Turismo da Deputación da Coruña, pretende contribuír ao incremento da actividade turística na provincia, como notable sector xerador de riqueza e emprego.

Para contribuír a isto, a Deputación da Coruña propón desenvolver o labor de impulsar a difusión e promoción dos recursos existentes, a xeración de novos produtos turísticos e a súa comercialización, o potenciamento das “marcas turísticas” así como a consolidación de estruturas públicas que operan no desenvolvemento turístico.

Plan de calidade e competitividade turística de Santiago de Compostela 2008 pon en valor o sector turístico no territorio da provincia da Coruña e supón unha proxección positiva da imaxe turística da provincia da Coruña.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, para o financiamento do Plan de competitividade turística de Santiago de Compostela 2006-2009- ANUALIDADE 2008.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte cos seguintes orzamentos:

ORZAMENTO 2008	
CONCEPTO	IMPORTE
COMPOSTELA FILM COMMISSION	7.309,67 €
COMPOSTUR	50.579,73 €
CONVENIO BUREAU	42.049,72 €
PLAN DE IMPULSO TURISMO CULTURAL	41.023,74 €
PUBLICACIÓNS	83.143,93 €
PUBLICIDADE	17.655,20 €
ACOLLIDA E INFORMACIÓN	9.707,03 €

Subtotal 1ª fase	251.469,02
CAMPAÑA DE DESESTACIONALIZACIÓN	57.014,90 €
SISTEMA INTEGRAL DE CALIDADE	12.671,45 €
TURISMO ENOGASTRONÓMICO	52.399,49 €
FEIRAS E PRESENTACIÓNS	67.435,17 €
Subtotal 2ª Fase	189.521,01 €
TOTAL	440.990,03 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 350.000 €, o que representa unha porcentaxe de 79,36 %, para o ano 2008. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará os importes que representen as porcentaxes da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/751A/462.01, condicionado a aprobación do 3º EXPEDIENTE MODIFICATIVO DE CRÉDITO.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á anualidade e aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2008	0305/751A/462.01	350.000,00 €

Advírteselle ao CONCELLO DE SANTIAGO que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación deste convenio polo Pleno da Corporación.

4. A subvención da deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE SANTIAGO o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE SANTIAGO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE SANTIAGO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

O Concello de Santiago cede os dereitos de cobro derivados do presente convenio á empresa INCOLSA Turismo Compostela, constituída ao 100% co capital do concello. Para estes efectos os aboamentos a INCOLSA, derivados co cumprimento do presente CONVENIO, terán efecto liberador para a deputación.

O pagamento da achega provincial realizarase se a deputación está conforme coa documentación presentada polo CONCELLO DE SANTIAGO unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONCELLO DE SANTIAGO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste CONVENIO DE COLABORACIÓN, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente CONVENIO establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE SANTIAGO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES

contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do CONVENIO establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE SANTIAGO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste CONVENIO DE COLABORACIÓN e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE SANTIAGO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTIAGO na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE SANTIAGO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE SANTIAGO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste CONVENIO, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE SANTIAGO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente CONVENIO de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente CONVENIO de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 54^a das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE SANTIAGO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan

incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e CONVENIOS da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE SANTIAGO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste CONVENIO DE COLABORACIÓN, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de CONVENIOS que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente CONVENIO de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata UN ANO a contar dende a súa sinatura.

2. Previa solicitude do CONCELLO DE SANTIAGO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o CONVENIO poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o CONVENIO poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente CONVENIO ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente CONVENIO crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTIAGO , respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente CONVENIO.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario _____ de data

E en proba de conformidade asinan este convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e na data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PROVINCIAL DA CORUÑA

Salvador Fernández Moreda

D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo”

27.- FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA FINANCIAR O PROXECTO “PLAN DE CALIDADE E COMPETITIVIDADE TURÍSTICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2006-2009. ANUALIDADE 2009”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a empresa INCOLSA_Turismo Compostela para financiar o proxecto de promoción turística denominado *“Plan de calidade e competitividade turística de Santiago de Compostela 2006-2009, ANUALIDADE 2009”*

2.- A achega provincial prevista neste convenio ascende a un total de 350.000 euros, segundo o seguinte detalle:

ANUALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN
2009	350.000,00 €	0305/751a/462.01

3.- O presente acordo queda condicionado á definitiva entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 3/2009 no que queda habilitado o suficiente con que facer fronte á achega provincial disposta no convenio.

4.- O texto íntegro do CONVENIO é o seguinte:

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervéñ neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e consonte ás competencias que ten atribuídas.

Doutra parte, D.Xosé Antonio Sánchez Bugallo en representación do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

Que o sector turístico supón un factor de gran potencialidade no desenvolvemento económico do concello e de toda a provincia e que a súa promoción responde a unha demanda social cada vez máis solicitada en relación coas ofertas culturais, económicas e laborais do Concello de Santiago.

Que Área de Turismo da Deputación da Coruña, pretende contribuír ao incremento da actividade turística na provincia, como notable sector xerador de riqueza e emprego.

Para contribuír a isto, a Deputación da Coruña propónse desenvolver o labor de impulsar a difusión e promoción dos recursos existentes, a xeración de novos produtos turísticos e a súa comercialización, o potenciamento das “marcas turísticas” así como a consolidación de estruturas públicas que operan no desenvolvemento turístico.

“Plan de calidade e competitividade turística de Santiago de Compostela 2009” pon en valor o sector turístico no territorio da provincia da Coruña e supón unha proxección positiva da imaxe turística da provincia da Coruña.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, para o financiamento do Plan de competitividade turística de Santiago de Compostela 2006-2009- ANUALIDADE 2009.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte aos seguintes orzamentos:

ORZAMENTO 2009	
CONCEPTO	IMPORTE
COMPOSTUR	1.367,64 €
CONVENIO BUREAU	7.283,95 €
PUBLICACIÓNS	8.409,66 €
PUBLICIDADE	1.583,40 €
CAMPAÑA DE DESESTACIONALIZACIÓN	78.237,30 €
SISTEMA INTEGRAL DE CALIDADE	26.429,48 €
CAMIÑO DE SANTIAGO	18.000,00€
FEIRAS E PRESENTACIÓNS	15.288,25 €
COMERCIALIZACIÓN (ACCIÓNS CON TUOPERADORES E ACCIÓNS DIRECTAS)	72.274,80€
INTELIXENCIA E INFORMACIÓN DE MERCADO	56.428,97
NOVOS PRODUTOS	1.814,24
EVENTOS	152.717,81
TOTAL	439.835,50

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTÉÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuír á actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 350.000 €, o que representa unha porcentaxe de 79,5752 % para o orzamento do ano 2009. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará os importes que representen as porcentaxes da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/751A/462.01, condicionado a aprobación do 3º EXPEDIENTE MODIFICATIVO DE CRÉDITO.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2009	0305/751A/462.01	350.000,00 €

Advírteselle ao CONCELLO DE SANTIAGO que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación deste convenio polo Pleno da Corporación.

5. A subvención da deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE SANTIAGO o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE SANTIAGO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE SANTIAGO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

O Concello de Santiago cede os dereitos de cobro derivados do presente convenio á empresa INCOLSA Turismo Compostela, constituída ao 100% co capital do concello. Para estes efectos os aboamentos a INCOLSA, derivados co cumprimento do presente CONVENIO, terán efecto liberador para a deputación.

O pagamento da achega provincial realizarase se a deputación está conforme coa documentación presentada polo CONCELLO DE SANTIAGO unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONCELLO DE SANTIAGO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste CONVENIO DE COLABORACIÓN, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente CONVENIO establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE SANTIAGO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do CONVENIO establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE SANTIAGO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste CONVENIO DE COLABORACIÓN e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE SANTIAGO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTIAGO na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE SANTIAGO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE SANTIAGO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste CONVENIO, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE SANTIAGO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente CONVENIO de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente CONVENIO de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e

seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE SANTIAGO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e CONVENIOS da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE SANTIAGO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste CONVENIO DE COLABORACIÓN, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de CONVENIOS que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente CONVENIO de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata UN ANO a contar dende a súa sinatura.

2. Previa solicitude do CONCELLO DE SANTIAGO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o CONVENIO poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes

preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o CONVENIO poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente CONVENIO ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente CONVENIO crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTIAGO , respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente CONVENIO.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data

E en proba de conformidade asinan este convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e na data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PROVINCIAL DA CORUÑA

Salvador Fernández Moreda

D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo

28.- FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ADMINISTRATIVO PARA FINANCIAR O ABASTECIMENTO DE AUGA EN ALTA E MUGARDOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mugardos para financiar o abastecemento de auga en Alta a Mugardos.

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 350.000 euros, que supón o 18,99 % do presuposto do proxecto.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/441B/762.01.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

A Coruña, de 2009 .

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, D. Xosé Fernández Barcia, en representación do Concello de Mugardos

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN

1.- Que é interese das institucións comparecentes concertar a formulación de actuacións que permitan acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico no ámbito territorial da provincia da Coruña.

2.- Que a cooperación local e asistencia técnica e económica da deputación cos concellos é un dos instrumentos que permiten acadar a mellora dos niveis de mellora da prestacións de servizos a nivel municipal e comarcal.

3.- Que a Deputación Provincial da Coruña está especialmente interesada en colaborar na execución da obra de ABASTECEMENTO DE AUGA EN ALTA - CONCELLO DE MUGARDOS

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE MUGARDOS, con CIF P1505200, para o financiamento da AMPLIACIÓN DO ABASTECEMENTO EN ALTA A MUGARDOS, tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado por Don Francisco Antonio J. Durán Manciñeira, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

O CONCELLO DE MUGARDOS, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva Licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M: 1.334.943,65 €

13 % GASTOS XERAIS 173.542,67 €

6 % BENEFICIO INDUSTRIAL 80.096,62 €

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO 254.173,27 €

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA 1.842.756,21 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 350.000,00€, o que representa unha porcentaxe de 18,99%.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 18,99%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/441B/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao CONCELLO DE MUGARDOS de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Dada a especial transcendencia desta obra para o abastecemento de auga, aínda sendo o Concello de Mugardos o promotor do proxecto, a contratación destas xa está asumida polo ente Augas de Galicia, organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a quen lle corresponde o outorgamento do correspondente contrato de obras na condición de entidade contratante.

2. No procedemento de contratación, o organismo contratante axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE MUGARDOS estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Consonte ao disposto na Base 55ª.2 das de execución do Orzamento para o ano 2009, ata o 70 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do Concello de Mugar dos pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe da achega definitiva que lle corresponda ao antedito concello, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de aprobación do convenio do Concello de Mugar dos co organismo autónomo Augas de Galicia e un exemplar ou copia compulsada do dito convenio.
- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Rematada completamente a obra, aboarase o 30 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Exemplar de cada unha das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga e pago a prol de Augas de Galicia.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MUGARDOS na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MUGARDOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE MUGARDOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MUGARDOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MUGARDOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MUGARDOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MUGARDOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MUGARDOS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MUGARDOS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación e seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 54^a das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA seranlle remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MUGARDOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata UN ANO a contar dende a súa sinatura

2. Previa solicitude do CONCELLO DE MUGARDOS, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MUGARDOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día de dous mil nove

E en proba de conformidade asinan por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL O ALCALDE DO CONCELO DE MUGARDOS
DA CORUÑA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.- “

29.-APROBACIÓN DO PROXECTO “NEA 2” (NAUTISMO ESPAZO ATLÁNTICO 2), INCORPORADO NO PROGRAMA INTERREG IVB ESPAZO ATLÁNTICO, E AS ACCIÓNS E OBXECTIVOS QUE COMPRENDE, ASÍ COMO A PROPOSTA DE DOTACIÓN ORZAMENTARIA PARA A SÚA EXECUCIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º Aprobar o proxecto "NEA 2" (Nautismo Espazo Atlántico 2), incorporado no Programa INTERREG IVB Espazo Atlántico, e as accións e obxectivos que comprende, cuxo detalle é o seguinte, así como a proposta de dotación orzamentaria para a súa execución:

ACTIVIDADES DOS SOCIOS

O proxecto conta con tres eixes principais cuxo obxectivo é o desenvolvemento do sector náutico do espazo atlántico nas seguintes direccións:

- Resultados económicos e de innovación
- Protección e valorización do medio
- Contribución á calidade de vida e a cohesión social.

Outro obxectivo persegue así mesmo a constitución e a posta en rede de polos especializados no desenvolvemento sostible do sector náutico, cunha visibilidade europea.

O plano de acción NEA 2 prevé a realización de 5 actividades e 19 accións xenéricas:

Actividade 2: “Coordinación do proxecto”

- 2 accións: Coordinación rexional e participación nas reunións de coordinación transnacional. Posta en marcha dunha coordinación transnacional xeral ou temática.

Actividade 3: “Nautismo e Economía”

- 5 accións: náutica e desenvolvemento económico.

Actividade 4: “Nautismo e ambiente”:

- 5 accións: náutica e ambiente.

Actividade 5: “Nautismo e Social”

- 4 accións: náutica e cohesión social.

Actividade 6 “Accións transversais”

- 3 accións transversais (conferencia internacional, Xogos Náuticos Atlánticos, accións comúns de comunicación).

2ª Aprobar a distribución financeira do proxecto e cuxo detalle se describe a seguir:

De acordo co cadro financeiro do proxecto, a achega provincial (socio Nº 8) é a seguinte:

<u>Orzamento</u>	<u>Achega</u>	<u>F E D E R</u>	<u>Contrapartidas nacionais</u>
4.721.137	99.857	64.907	34.950

3º Aprobar as accións por socio correspondentes a Deputación provincial:

- Poñer en marcha as actividades baixo as súas responsabilidade, segundo o acordo de cooperación e o formulario de candidatura.

- Remitir informes ao xefe de fila, segundo calendarios convidados.

- Asumir responsabilidade en caso de irregularidades relativas aos gastos declarados.

- Reembolsar ao xefe de fila todo o importe indebidamente pago.”

30.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO CON PAIDEIA ANO 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o Convenio de colaboración aprobado por Resolución da Presidencia con data do 23 de decembro e formalizado en data 30 de decembro de 2008, engadindo unha cláusula anexa, pola que se modifica a cláusula terceira do indicado convenio, e na que se expresa a previsión do gasto e a achega da Deputación da Coruña para o período 2009 que non experimenta variacións nos conceptos do gasto nin respecto do coeficiente de financiamento total, modificándose soamente a distribución do gasto nos dous períodos, o que supón o seguinte:

Período 1 de xaneiro a 31 de decembro de 2009:

<i>CONCEPTO:</i>	<i>IMPORTE:</i>
Gastos de envíos de voluntarios.....	47.389,19 €
<i>Avaliación valoración, orientación, formación e seguimento voluntarios.</i>	<i>40.000,00 €</i>
<i>Gastos xerais, oficina publicidade.....</i>	<i>8.000,00 €</i>
<i>Total.....</i>	<i>95.389,19 €</i>

Distribución das achegas da Deputación, para o 2009:

período /	orçamento /	achega /	coeficiente /	Aplicación orzamentaria.
2009	95.389,19 €	29.220,50 €	30,63%.	0701/313M/489.01

Manter as achegas da Deputación establecidas para o total do convenio:

período /	orçamento /	achega /	coeficiente /	aplicación orzamentaria
2008/09	114.600,00 €	36.000,00 €	31,41%	0701/313M/489.01”

31.-REXISTROS DE INTERESES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. CREACIÓN E MODIFICACIÓN DE REXISTROS E FICHEIROS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. - Crear, na Secretaría Xeral da Deputación, o "Rexistro de Intereses do Persoal Directivo" da Deputación da Coruña, comprensivo do Rexistro de Actividades e do Rexistro de Bens Patrimoniais.

No devandito rexistro inscribíranse, de acordo co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos e a declaración sobre bens e dereitos patrimoniais, que han de efectuar os titulares dos órganos directivos e os funcionarios con habilitación de carácter estatal que desempeñen, de acordo co Estatuto básico do empregado público, postos que fosen provistos polo sistema de libre designación en atención ao carácter directivo das súas funcións ou á especial responsabilidade que asuman.

As declaracións efectuaranse nos modelos do anexo I do presente acordo, que supoñen adaptación dos aprobados para os deputados polo Pleno da Deputación en sesión do 6 de xuño de 1991. As primeiras declaracións presentaranas os interesados na Secretaría Xeral no mes de outubro de 2009.

2. - Crear, na Secretaría Xeral da Deputación, o "Rexistro Especial de Bens Patrimoniais".

No devandito rexistro inscribíranse, de acordo co disposto nos dous últimos parágrafos do número 7 do artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a declaración de bens e dereitos patrimoniais que poden realizar os representantes locais e membros non electos da Xunta de Goberno Local respecto aos que, en virtude do seu cargo, resulte ameazada a súa seguridade persoal ou a dos seus bens ou negocios, a dos seus familiares, socios, empregados ou persoas cos que tivesen relación económica ou profesional

Tal declaración efectuarase conforme ao modelo utilizado polos deputados provinciais ou segundo o modelo aprobado pola entidade local da que proceda o declarante.

3. - Modificar, como consecuencia da creación dos anteriores rexistros, a descrición do seguinte ficheiro:

Identificación do ficheiro ou tratamento e denominación	Descrición da súa finalidade e usos previstos	Orixe dos datos, indicando os colectivos de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	Procedemento de recollida dos datos e a súa procedencia	Estrutura básica do ficheiro (descrición detallada dos datos identificativos, e no seu caso, dos datos especialmente protexidos, así como das restantes categorías de datos de carácter persoal incluídas neste)	Sistema de tratamento utilizado na súa organización	Comunicacións de datos previstas, indicando no seu caso, os destinatarios ou categorías de destinatarios.	Transferencias internacionais de datos previstas a terceiros países	Nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte esixible
Rexistro de intereses	Finalidade: Cumprimento do disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local. Usos: Rexistro de causas de posible incompatibilidade e de actividades. Declaración de bens patrimoniais. Consulta cando así o soliciten os interesados. Publicación anual.	Colectivos afectados: deputados electos	Os datos recóllense do propio interesado, mediante declaración, formularios, en soporte papel	Datos de carácter identificativo: Nome e, apelidos, NIF, domicilio, teléfono, sinatura. Datos de circunstancias sociais: propiedades e bens (patrimonio inmobiliario, patrimonio mobiliario, xoias e obxectos artísticos de especial valor, vehículos propiedade do declarante) Datos de carácter económico-financeiro: créditos e outros dereitos. Datos profesionais: profesión e enderezo onde se exerce.	Manual	Non se prevén	Non se prevén	Básico

contida no anexo I do Regulamento polo que se actualizan os ficheiros de datos de carácter persoal da Deputación Provincial da Coruña, aprobado inicialmente polo Pleno en sesión do 31 de xullo de 2008 e a aprobación definitiva da cal se publicou no BOP nº 246, do 24 de outubro de 2008, nos seguintes termos:

Identificación do ficheiro ou tratamento e denominación	Descrición da súa finalidade e usos previstos	Orixe dos datos, indicando os colectivos de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	Procedemento de recollida dos datos e a súa procedencia	Estrutura básica do ficheiro (descrición detallada dos datos identificativos, e no seu caso, dos datos especialmente protexidos, así como das restantes categorías de datos de carácter persoal incluídas neste)	Sistema de tratamento utilizado na súa organización	Comunicacións de datos previstas, indicando no seu caso, os destinatarios ou categorías de destinatarios.	Transferencias internacionais de datos previstas a terceiros países	Nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte esixible
Rexistro de intereses	Finalidade: Cumprimento do disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local. Usos: Rexistro de causas de posible incompatibilidade e de actividades. Declaración de bens patrimoniais. Consulta cando así o soliciten os interesados. Publicación anual.	Colectivos afectados: deputados electos; Persoal directivo e funcionarios con habilitación de carácter estatal; Representantes locais e membros non electos da Xunta de Goberno Local	Os datos recóllense do propio interesado, mediante declaración, formularios, en soporte papel	Datos de carácter identificativo: Nome, apelidos, NIF, domicilio, teléfono, sinatura. Datos de circunstancias sociais: propiedades e bens (patrimonio inmobiliario, patrimonio mobiliario, xoias e obxectos artísticos de especial valor, vehículos propiedade do declarante) Datos de carácter económico-financeiro: créditos e outros dereitos. Datos profesionais: profesión e enderezo onde se exerce.	Manual	Non se prevén	Non se prevén	Básico

4. - Completar o modelo de declaración de bens do "Rexistro de Intereses dos Deputados" aprobado polo Pleno da Deputación en sesión do 6 de xuño de 1991, mediante a adición de información relativa á participación en sociedades e ás liquidacións dos impostos sobre a renda, patrimonio e sociedades, tal como se recolle no anexo II do presente acordo.

5. - Establecer as seguintes previsións en relación ás declaracións de intereses:

a) Todos os obrigados a prestar declaración de intereses, presentarán ao longo do segundo semestre de cada ano información das liquidacións dos impostos sobre a renda, patrimonio e sociedades, sen prexuízo da obriga específica de efectuar declaración sempre que se modifiquen as circunstancias de feito.

b) No mes de xaneiro de cada ano, anunciarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a presentación das declaracións de intereses por parte dos obrigados legalmente, a súa inscrición nos correspondentes rexistros públicos de intereses e o seu depósito na Secretaría Xeral, para os efectos de publicidade previstos na lei.

6. - Someter o presente acordo a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións que, de producirse, deberán ser resoltas pola corporación. De non se producir estas, o acordo considerárase aprobado definitivamente.”

ANEXO I

REGISTRO DE INTERESES DO PERSOAL DIRECTIVO

MODELO DE DECLARACIÓN



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA

SECRETARÍA XERAL

REGISTRO DE INTERESES DO PERSOAL DIRECTIVO
SECCIÓN A) INCOMPATIBILIDADES E ACTIVIDADES

0.- DECLARANTE

Apelidos e nome			NIF
Posto que ocupa:			
Domicilio	C.P.	Poboación	Teléfono

1.- CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE

DECLARO Que coñezo o disposto na disposición adicional décimo quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, do teor literal seguinte:

“Réxime de incompatibilidades e declaracións de actividades e bens dos directivos locais e outro persoal ao servizo das entidades locais.

1. Os titulares dos órganos directivos quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na [Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas](#), e noutras normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación.

No obstante, seranlles de aplicación as limitacións ao exercicio de actividades privadas establecidas no [artigo 8 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado](#), nos termos en que establece o [artigo 75.8 desta lei](#).

Para estes efectos, terán a consideración de persoal directivo os titulares de órganos que exerzan funcións de xestión ou execución de carácter superior, axustándose ás directrices xerais fixadas polo órgano de goberno da Corporación, adoptando para o efecto as decisións oportunas e dispoñendo para isto dunha marxe de autonomía, dentro desas directrices xerais.

2. O réxime disposto no [artigo 75.7 desta lei](#) será de aplicación ao persoal directivo local e aos funcionarios das corporacións locais con habilitación de carácter estatal que, conforme ao previsto no artigo 5.2 da [disposición adicional segunda da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público](#), desempeñen nas entidades locais postos que se proveran mediante libre designación en atención ao carácter directivo das súas funcións ou

a especial responsabilidade que asuman”

DECLARO Que non estou incurso en ningunha causa de incompatibilidade para o exercicio do posto que ocupo na deputación, consonte o réxime de incompatibilidades mencionado no apartado anterior.

DECLARO Que, en caso de producirse causa de incompatibilidade mentres estea ó servizo da Deputación, comprométome a declarala e a poñela en coñecemento da Corporación de forma inmediata.

2.- ACTIVIDADES

a).- TRABALLO NOUTRA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, ENTIDADES, EMPRESAS PÚBLICAS OU PRIVADAS

Denominación da entidade	Cargo ou categoría

b).- EXERCICIO DE PROFESIÓN LIBERAIS

Colexio profesional ao que pertence	Enderezo do despacho, consulta, gabinete ou estudio	Nº colexiado

c).- OUTRAS ACTIVIDADES QUE LLE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

--

DECLARACIÓN En cumprimento do disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, formulo a presente declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, manifestando baixo a miña responsabilidade, que os datos expresados son rigorosamente certos.

Tamén manifesto, que me comprometo a prestar nova declaración con ocasión do cesamento ou cando se modifiquen as circunstancias de feito.

A Coruña,

Perante min,
O SECRETARIO XERAL



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA

SECRETARÍA XERAL

REXISTRO DE INTERESES DO PERSOAL DIRECTIVO
SECCIÓN B) BENS PATRIMONIAIS

0.- DECLARANTE

Apelidos e nome			NIF
Domicilio	C.P.	Poboación	Teléfono
Posto que ocupa			

1.- PATRIMONIO INMOBILIARIO (INMOBLES E DEREITOS REAIS)

Clase de predio	Localización	Inscripción rexistral	Data de adquisición

2.- PATRIMONIO MOBILIARIO

Clase de títulos	Número	Entidade emisora	Data de adquisición

3.- XOIAS E OBXECTOS ARTÍSTICOS DE ESPECIAL VALOR

Clase	Descrición	Data de
-------	------------	---------

		adquisición

4.- AUTOMÓBILES E OUTROS VEHÍCULOS PROPIEDAD DO DECLARANTE

Clase	Marca e modelo	Ano de matriculación	Matrícula	Observacións

5.- CRÉDITOS E OUTROS DEREITOS

--

6.- PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES DE TODO TIPO, CON INFORMACIÓN DAS SOCIEDADES PARTICIPADAS.

--

7.- INFORMACIÓN DAS LIQUIDACIONES DOS IMPUESTOS SOBRE A RENDA, PATRIMONIO E, NO SEU CASO, SOCIEDADES.

<p>Achega fotocopia de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> liquidación do imposto sobre a renda <input type="checkbox"/> liquidación do imposto sobre o patrimonio <input type="checkbox"/> liquidación do imposto sobre sociedades

Manifesta que non ten obriga de declarar no:

- imposto sobre a renda
- imposto sobre o patrimonio
- imposto sobre sociedades

DECLARACIÓN En cumprimento do disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, formulo a presente declaración de bens, manifestando baixo a miña responsabilidade, que os datos expresados son rigorosamente certos.

Tamén manifesto que me comprometo a prestar nova declaración con ocasión do cesamento e cando se modifiquen as circunstancias de feito, así como a actualización anual dos datos relativos á liquidación dos impostos do apartado 7.

A Coruña,

Perante min,
O SECRETARIO XERAL

ANEXO II
REGISTRO DE INTERESES DOS DEPUTADOS
MODELO DE DECLARACIÓN DE BENS



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA

SECRETARÍA XERAL

REGISTRO DE INTERESES DOS DEPUTADOS
SECCIÓN B) BENS PATRIMONIAIS

0.- DECLARANTE

Apelidos e nome			NIF
Domicilio	C.P.	Poboación	Teléfono

1.- PATRIMONIO INMOBILIARIO (INMOBLES E DEREITOS REAIS)

Clase de predio	Localización	Inscripción rexistral	Data de adquisición

2.- PATRIMONIO MOBILIARIO

Clase de títulos	Número	Entidade emisora	Data de adquisición

3.- XOIAS E OBXECTOS ARTÍSTICOS DE ESPECIAL VALOR

Clase	Descrición	Data de adquisición

--	--	--

4.- AUTOMÓBILES E OUTROS VEHÍCULOS PROPIEDAD DO DECLARANTE

Clase	Marca e modelo	Año de matriculación	Matrícula	Observacións

5.- CRÉDITOS E OUTROS DEREITOS

6.- PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES DE TODO TIPO, CON INFORMACIÓN DAS SOCIEDADES PARTICIPADAS.

7.- INFORMACIÓN DAS LIQUIDACIONES DOS IMPOSTOS SOBRE A RENDA, PATRIMONIO E, NO SEU CASO, SOCIEDADES.

Achega fotocopia de:

- liquidación do imposto sobre a renda
- liquidación do imposto sobre o patrimonio
- liquidación do imposto sobre sociedades

Manifesta que non ten obriga de declarar no:

- imposto sobre a renda
- imposto sobre o patrimonio
- imposto sobre sociedades

DECLARACIÓN En cumprimento do disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, formulo a presente declaración de bens, manifestando baixo a miña responsabilidade, que os datos expresados son rigorosamente certos.

Tamén manifesto que me comprometo a prestar nova declaración con ocasión do cesamento e cando se modifiquen as circunstancias de feito, así como a actualización anual dos datos relativos á liquidación dos impostos do apartado 7.

A Coruña,

Perante min,
O SECRETARIO XERAL

ROGOS E PREGUNTAS

(Abandona o salón o Sr. García Liñares).

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, o Grupo Popular quere facer neste Pleno dous rogos, un a cargo da nova deputada Esther González, sobre emprego, e outro rogo do deputado José Manuel Rey sobre as marquesiñas en vías provinciais.

Sra. González Vázquez

Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados e a todos os que nos acompañan, bo día. Traio a este Pleno unha gran preocupación do Partido Popular e de todos os cidadáns, que segundo parece non se percibe como tal por quen están ao fronte desta Deputación. A devastadora crise económica, innegable a día de hoxe, require sensibilidade e sentido do servizo por parte dos gobernantes, a taxa de desemprego, cun aumento de máis de 30% na provincia, desde xuño de 2008 cunha cifra de 62.293 desempregados a xuño de 2009, con 81.134 desempregados, supón un incremento de 18.841 persoas, en calquera caso, un incremento do drama familiar e persoal que produce a falta de traballo ou a perda do emprego, datos suficientes como para que esta institución faga o posible, e máis, para contribuír a paliar esta situación.

Non valen as excusas de falta de competencias da Deputación en materia de emprego, máis ao contrario, esta institución ten que estar e ser unha máis na busca de solucións, porque todos sabemos que querer é poder e querer facer algo polo emprego pode ser unha boa páxina de internet da Deputación con máis e mellor información. O

que actualmente se ofrece no apartado de emprego é exiguo, irrisorio, por non dicir raquíitico e vergonzoso. Os cidadáns, os contribuíntes, os concellos, as empresas, os autónomos, necesitan información sobre o emprego, necesitan que se lles facilite, que se lles achegue o máis posible a información das ofertas, axudas, subvencións, listas de contratación, en calquera caso, calquera tema que mellore a situación de emprego. O desmantelamento progresivo do emprego neste último ano na nosa provincia con peches e regulacións en Eurocen, Sargadelos, Aceitera Bunge, Caramelo, Molduras del Noroeste, Lledó Iluminación, Martinsa-Fadesa, Maderas Betanzos, Ferroatlántica, Suntec, Emesa Trefilería, Emesa Coirós, Subcontratas de Alcoa e Inespal, así como a perda do emprego autónomo nas cifras máis altas dos últimos anos, deberían de darse conta os encargados de deseñar e encher de contido a páxina web desta Deputación en temas de emprego, a necesidade de facer máis completa e accesible a información a todos, é evidente. O labor de divulgación non está contemplado, xa que cando se accede ao tema de emprego aparece unha listaxe de persoal, non sempre actualizada, e nada que se poida ver como un facilitador de información de emprego. A falta de sensibilidade, a falta de creatividade e a falta de información que se aprecia parécenos, desde o Grupo Popular, nestes momentos sociais, de moita gravidade. Estar á marxe de tamaña realidade é máis que reprochable desde o noso punto de vista. Un desaxeitado deseño non só non facilita, senón que entorpece a información, xa que nestes momentos nesta páxina hai que lerse o Boletín Oficial da Provincia enteiro para entresacar de cada municipio se hai algún tema de emprego.

É obvio que no mundo da comunicación, da informática e da rapidez actual esta estrutura é desaxeitada e insuficiente. É por iso polo que traio a consideración deste Pleno o rogo da mellora da páxina web en materia de emprego. A Deputación debe de ser unha institución sensible a este problema e ser un facilitador deste tipo de información a través de ligazóns ou hiperligazóns para poder acceder a portais e páxinas, tanto de axudas á creación e mantemento do emprego noutras administracións, deputacións, autonómicas, estatais, europeas, como para poder consultar sobre as ofertas de emprego da propia Deputación, dos Concellos, así como ligazóns públicas e privadas nacionais e internacionais, e onde se lles facilite ás empresas información de institucións, entidades e concellos con proxectos especiais de solo industrial, de polígonos e de parques empresariais, é dicir, unha ventá informática que sexa un auténtico taboleiro de anuncios virtual de emprego para facer máis dinámico, real e eficaz este recurso que é internet. Non se pode falar do avance do mundo das comunicacións se realmente non se utiliza esta ferramenta de forma efectiva, sen descoidar, por último, que a propia Deputación debe de ser mediadora nos temas e conflitos de emprego na nosa provincia, cousa que non ocorreu ata agora. A inactividade mostrada no tema do emprego debe de terminar. Todas as institucións, todas as ideas, todas as suxestións van ser poucas e todas van ser necesarias para superar a crise, pero para iso deben de estar as institucións, esta Deputación e os seus gobernantes, ao servizo dos cidadáns. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sra. deputada. A verdade é que non sei como responderlle, se quere mándolle a súa intervención á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia para que teña en conta todo o que dixo vostede, é que dicir que non temos sensibilidade polo tema do desemprego paréceme unha opinión, á parte de infundada, un pouco grave, e desde logo a páxina web ten información sobre o emprego público, Todo se pode mellorar, ata podemos pór as ofertas de emprego da ONU na páxina web da Deputación, por suposto, pero mire, nós contribuímos á creación de emprego favorecendo o investimento nos concellos, e pódolle dicir que esta Deputación dá sopas con fonda ás demais Deputacións de Galicia e por suposto á Deputación de Pontevedra e a de Ourense.

Temos o Plan de cooperación, o Plan de obras e servizos, o Plan de acción anticrise 1, o Plan de acción anticrise 2, a protección de fondos ao FIEL, a única Deputación de Galicia que fai estas cousas, creo que favorecemos a creación e mantemento de emprego facilitando investimentos, porque eses investimentos que facilitamos aos concellos implica que se contraten empresas e que se manteña o emprego e que se cre emprego.

Polo tanto, que vaíamos a actuar de mediadores nós nos conflitos, esa é unha competencia da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, como imos mediar nós se non temos ningunha competencia, ningunha posibilidade legal de tomar ningunha medida de obrigado cumprimento para ningunha das partes. Hai Instituto de Mediación, Arbitraje e Conciliación, hai instrumentos xurídicos que están creados que teñen esa competencia.

E logo o que eu podo mirar é se se pode mellorar a información na web da Deputación sobre emprego, hai información xa, o que non imos a pór é a información sobre o emprego que xera a Xunta ou que xera o Concello da Coruña, ou que xera o Ministerio de Administración Pública, porque o internauta que accede a páxina de internet da Deputación tamén accede a páxina de internet da Xunta, do Concello ou do Goberno de España. Moitas grazas.

Sr. Rey Varela

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. O meu rogo é bastante sinxelo, pero responde a unha preocupación que nos transmitiron numerosos alcaldes e numerosos cidadáns usuarios das vías provinciais, e refírese fundamentalmente aos efectos que tivo o Klaus nas marquesiñas que están situadas nestas, que presentan unha deterioración singularmente importante e rechamante. Isto non hai que esquecerse que está estendido por toda a provincia, á parte de ser usada forma parte da propia imaxe da Deputación provincial e pode deducirse delas unha imaxe de abandono e deterioración, polo tanto sería conveniente, e o noso rogo vai nese sentido, que se tome unha actuación especial no que se refire ás marquesiñas situadas en vías provinciais. Moitas grazas.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Rey, nese sentido pídlle a súa colaboración, que me facilite a información que lle deron a vostede sobre as marquesiñas nos puntos que están instaladas e que están deterioradas, a min non me consta que haxa ningunha protesta, ningunha reivindicación de ningún alcalde, comprobareino co Servizo de Vías e Obras, e se hai algunha que hai que reparar ou repor, por suposto que se fará. Pero se vostede ten a información, eu agradézolle que ma facilite.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta e sete minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario accidental, dou fe.